

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 29 DE XUÑO DE 2022.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.^a Jéssica Méndez Sánchez

NON ASISTE:

D.^a María Guadalupe Pombo Carril

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Sonia Corral Corral

SECRETARIA XERAL:

D.^a Ana Ramos Ramos

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e cincuenta e cinco minutos do día vinte e nove de xuño do ano dous mil vinte e dous, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.^a Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.^a Jéssica Méndez Sánchez.

Non asiste á sesión a Sra. concelleira D.^a María Guadalupe Pombo Carril,

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.^a Sonia Corral Corral.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Ana Ramos Ramos.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 20 DE XUÑO DE 2022.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 20 de xuño de 2022, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 20 de xuño de 2022.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Orde do 7 de xuño de 2022, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións destinadas ao fomento da prevención, reutilización e recollida en proximidade de residuos municipais, cofinanciadas polos fondos do Programa de economía circular e do Plan de impulso ao ambiente-PIMA residuos, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia

Código do documento	Código do expediente
USG16I026W	USG/2022/112
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4A4G 6R6K 2V0B 1R02 10F8	

competitiva para os anos 2022 e 2023 (Código de procedemento MT975N). DOG núm. 118 do 21-06-2022.

- Resolución do 13 de xuño de 2022, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, -Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático-, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro de Orde do 30 de novembro de 2021 (Diario Oficial de Galicia número 238, do 14 de decembro) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva, por anticipado de gasto, para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento MT975K). DOG núm. 119 do 22-06-2022.
- Anuncio do 17 de xuño de 2022, do Concello de Culleredo, relativo á relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo convocado para a provisión de postos de traballo de Técnico/o de Administración reservados a funcionarios da escala de administración especial, subescala técnica do Concello de Culleredo. BOP núm. 118 do 22-06-2022.
- Anuncio do 20 de xuño de 2022, do Concello de Culleredo, relativo á aprobación da lista provisional dos/das aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo convocado para a cobertura en propiedade dunha praza de técnico/a de urbanismo de administración especial, subescala técnica, persoal funcionario de carreira polo procedemento de oposición. BOP núm. 120 do 27-06-2022.
- Anuncio do 14 de xuño de 2022, do Concello de Culleredo, relativo á convocatoria e bases reguladoras da convocatoria para a cobertura en propiedade de cinco prazas de policía local, administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local persoal funcionario de carreira, polo procedemento de acceso libre e concurso do Concello de Culleredo. BOP núm. 120 do 27-06-2022.
- Anuncio do 16 de xuño de 2022, do Concello de Culleredo, relativo á delegación na concelleira D.^a Jéssica Méndez Sánchez do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre N.P.V. e A.T.N. o día 17-06-2022 ás 19.00 horas. BOP núm. 122 do 29-06-2022.
- Anuncio do 22 de xuño de 2022, do Concello de Culleredo, relativo á delegación especial na concelleira delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte, D.^a María Guadalupe Pombo Carril, para a asistencia á xuntanza da Asemblea Xeral do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar na sala virtual (sistema videoconferencia) que terá lugar o 22-06-2022 ás 11.00 horas. BOP núm. 122 do 29-06-2022.
- Anuncio do 23 de xuño de 2022, do Concello de Culleredo, relativo á delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, D.^a María Guadalupe Pombo Carril, o día 23-06-2022 desde as 12.00 ata as 15.00 horas. BOP núm. 122 do 29-06-2022.
- Anuncio do 23 de xuño de 2022, do Concello de Culleredo, relativo ás bases da convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do Obradoiro dual de Emprego "Rehabilitación Casa Peóns Camiñeiros". BOP núm. 122 do 29-06-2022.

C.I.F. P-1503100-H

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes actividades da concellería delegada da Área de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

"ACTIVIDADES CULTURAIS

XOVES 30 DE XUÑO

Código do documento	Código do expediente
USG16I026W	USG/2022/112
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4A4G 6R6K 2V0B 1R02 10F8	

Aula de Natureza “Juan Lembeye” do Xardín Botánico do Burgo. 20.00 h:
Apertura da exposición de pintura e fotografía das Escolas Culturais 2021-2022. Ata o 15 de xullo.

VENRES 1 DE XULLO

Xardín Botánico do Burgo. Dende as 20.30 h:

XXI Burgojazz.

Actuacións de:

-Rubén Fernández (Dous).

-Pablo Sanmamed Trío.

SÁBADO 2 DE XULLO

Xardín Botánico do Burgo. A partir das 20.30 h:

XXI Burgojazz.

Actuacións de:

-Volando libre.

-Alejandro Vargas Trío.

DOMINGO 3 DE XULLO

Xardín Botánico do Burgo. A partir das 20.30 h:

XXI Burgojazz.

Actuacións de:

-Zumaque Trío.

-Zafra.”

C.I.F. P-1503100-H

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as catorce horas e trece minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O alcalde

(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)